



O BNG propón declarar o 24 de febreiro como Día de Rosalía na cidade de Santiago

Feb 13, 2012

"Desde o século XIX Rosalía de Castro foi homenaxeada polas galegas e os galegos como poeta nacional"

Santiago de Compostela | O grupo municipal do BNG defenderá no vindeiro Pleno da Corporación municipal unha moción para declarar o 24 de febreiro Día de Rosalía no concello de Santiago de Compostela. Este acordo irá acompañado dunha proposta para emprender e apoiar a realización de actividades de promoción da obra da escritora que impliquen á veciñanza, nesta data recollida oficialmente pola Consellaría de Cultura da Xunta de Galiza no seu Calendario do Libro e da Lectura. Ademais, proponse realizar unha lectura pública da obra rosaliana nun lugar destacado do concello na que o alumnado dos centros escolares, veciños, veciñas e persoas destacadas pola súa actividade cultural teñan o papel protagonista.



Estatua de Rosalía na Alameda de Santiago.

Segundo expón o texto da moción, Rosalía de Castro é a escritora máis representativa da lingua e da literatura galegas. A publicación do seu libro *Cantares Gallegos*, o primeiro escrito integramente no noso idioma, desde a vontade firme e inequívoca do seu significado, sinala o inicio da restauración do uso escrito do noso idioma e o final de séculos de silencio e esquecemento.

Para a formación nacionalista, a súa obra é un retrato do pobo galego e goza dunha total actualidade. "Desde o século XIX Rosalía de Castro foi homenaxeada polas galegas e os galegos como poeta nacional, pois reclamou a redención da patria galega e asumiu a voz do seu pobo, voz que guiou permanentemente a súa obra e o seu pensamento", expresa o documento. "Esta galeguidade intrínseca dos seus textos, esta comunicación e entendemento permanente co seu pobo, ao se dirixir a el no seu idioma propio, foi o que a fixo tamén poeta de todos os pobos, chegando a formar parte da nómina de escritoras máis destacadas da literatura universal de todos os tempos",